

ORDE DE ABOAMENTO

INSTRUCCIÓN:

A **Orde de aboamento** é o formulario que, unha vez cuberto, servirá para documentar aquelas transferencias monetarias a terceiros cando non exista a obriga de utilizar un documento ordinario de pagamento (facturas, axudas de custo, tiques, etc).

Entre os casos máis habituais nos que se poderá utilizar a **Orde de aboamento** están os seguintes:

1. Transferencias nominativas que figuren aprobadas no orzamento da Universidade
2. Subvencións, cando na convocatoria ou na resolución de concesión non se especifique a utilización doutro tipo de documentos
3. Transferencias por conta de terceiros, nas que a USC fai un papel principalmente de intermediario, sen prexuízo da necesidade de control ou xustificación. Entre estas:
 - a. Indemnizacións por viaxes cando os beneficiarios e os importes veñen determinados polo organismo concedente da axuda
4. Pagamentos que veñen regulados por unha normativa específica, cando non existe unha maneira máis directa de documentalos (exemplo: abono de regalías de patentes aos inventores)
5. Pagamento de premios
6. Transferencias a outros organismos ou entidades de axudas recibidas pola USC, cando esta actúa como coordinadora, e na resolución de concesión ven establecido os importes e beneficiarios dos demais socios.

En ningún caso se utilizará para documentar pagamentos que respondan a contraprestacións de calquera tipo.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA:

O presente formulario unicamente pretende recoller os datos imprescindibles para facer o pagamento, unificando na medida do posible tódolos utilizados na Universidade. Non obstante, non ten carácter xustificativo, polo que sempre deberá acompañarse da documentación (resolución, convocatoria, etc) que xustifique plenamente a operación que se realiza, ou ben facer referencia a ela cando se trate de normas publicadas.



MODIFICACIÓNS DO FORMULARIO:

Este formulario ten os contidos imprescindibles mínimos e servirá como referencia básica. Non obstante poderanse incluír os campos necesarios para que a operación que se realice quede o mellor explicada posible.

O modelo de **Orde de aboamento** permanecerá na páxina web do Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería, de onde se poderá descargar para a súa cumprimentación electrónica.

Os servizos e unidades que precisen incrementar a información que se recolle no formulario, ou ben cando se poida automatizar a súa emisión, poderán modificar o deseño do mesmo, mantendo este contido mínimo. Para estes efectos, considérase que o formulario existente para o pagamento a colaboradores externos é unha variante da orde de aboamento.

A numeración asignada automaticamente ao documento será empregada en e-SICUS como número de factura.